

## Concerto de Batuko Tabanka

<b>PROTAGONISTAS</b>	Batuko Tabanka, agrupación musical composta por doce mulleres de orixe caboverdiana radicadas na Mariña lucense, que reivindicán a música tradicional de Cabo Verde e difunden a súa cultura entre a sociedade galega.
<b>OBXECTIVOS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Promover a interculturalidade e actitudes de respecto cara a poboación inmigrante.</li><li>• Promover o coñecemento dun país co que tradicionalmente ten cooperado o Fondo Galego.</li><li>• Visibilizar á comunidade caboverdiana afincada en Galicia.</li></ul>
<b>DESCRICIÓN</b>	O <a href="#">espectáculo musical</a> de Batuko Tabanka complementábase con breves intervencións sobre a cultura caboverdiana e a integración desta comunidade en Galicia. A emigración, a identidade ou a situación da muller son algún dos temas que abordan as cancións, nas que elas baten con forza e alegría sobre un pano pregado que colocan entre as pernas, o batuko, e mesmo saen a bailar nalgunhas ocasións. Suxírese que a/o representante política/o do Fondo Galego no correspondente concello/deputación participe na presentación da actividade, expoñendo os vínculos entre a entidade e Cabo Verde, para o que a Secretaría Técnica pode facilitar a información necesaria. <a href="#">+info</a>
<b>PÚBLICO</b>	Público xeral
<b>DURACIÓN</b>	45 minutos
<b>RECURSOS</b>	Equipo de son con micrófonos (12 a ser posible). 12 cadeiras. Augas para a actuación e pincho ao remate.
<b>PERÍODO</b>	De abril a decembro, sábado ou domingo.
<b>ACCIÓNS OPCIONAIS</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Exposición <a href="#">‘Galicia-Cabo Verde: unha irmandade’</a></li></ul>